

Venres, 26 de maio de 2023

Núm. 100

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****ROSAL, O****Ordenanzas e Regulamentos*****APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DA MOBILIDADE AMABLE
E DE ESPAZOS PÚBLICOS****Expediente: 1379/2022**Asunto: ORDENANZA REGULADORA DA MOBILIDAD AMABLE E DE ESPAZOS PÚBLICOS**Anuncio de aprobación definitiva da Ordenanza reguladora da mobilidade amable e de espazos públicos*

O Pleno do Concello do Rosal, en sesión ordinaria do día 26 de xaneiro de 2023, aprobou inicialmente a Ordenanza reguladora da mobilidade amable e de espazos públicos.

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario inicial aprobatorio da Ordenanza reguladora da mobilidade amable e de espazos públicos; o que se fai para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Contra o presente Acordo, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

**ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA MOBILIDAD AMABLE
E DE ESPAZOS PÚBLICOS****Exposición de motivos**

Con esta ordenanza non se pretende regular unicamente o tráfico dos vehículos de motor, en consonancia coa prelación ou xerarquía de prioridades que de forma case absoluta se lle outorgaba á circulación motorizada, senón que se toma como referencia o dereito das persoas ao espazo público e un novo esquema de prioridades no seu uso, no que a marcha a pé ocupa o primeiro lugar.

Por outra banda, a integración do Concello do Rosal na Rede Ágora supón a participación nunha rede de acción institucional que considera e valora o espazo público como un dereito fundamental da cidadanía. Un dos seus fundamentos é que o espazo público forma parte substancial da vida das persoas como escenario natural da vida colectiva. Por iso, o Concello do



Venres, 26 de maio de 2023

Núm. 100

Rosal comprométese a realizar políticas de recuperación dos seus espazos públicos e a fomentar as mobilidades alternativas no seu termo municipal, para o que esta ordenanza constitúe un dos pasos para acadar este obxectivo.

Así, no marco da Rede Ágora, o Concello do Rosal favorecerá e propiciará unha política de actuacións en favor da recuperación do espazo público dos seus ámbitos urbanos e da utilización das mobilidades naturais, como alternativa ás de motor, e comprométese a incrementar de forma substancial o espazo reservado para as persoas e para os itinerarios peonís e ciclables.

Todo iso asumindo os retos de loitar contra a violencia viaria, de evitar, por unha banda, a expulsión das persoas do espazo público e, pola outra, o uso desmedido da mobilidade a motor co consecuente aumento da contaminación ambiental, e de cumprir a Axenda Urbana 2030 e dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible aprobados pola ONU.

En definitiva, esta ordenanza é unha ferramenta necesaria para acadar os obxectivos anteriores, facendo súa a filosofía da Rede Ágora e, en concreto, os principios que se transcriben a continuación:

1. O espazo público é un dereito

O espazo público é moito máis que unha superficie de propiedade pública, moito máis que un espazo residual fronte ao espazo privado. É un dereito ao mesmo nivel que a sanidade ou a educación. Toda persoa ten dereito a dispoñer dun espazo público de calidade no que desenvolver a súa vida e as súas relacións sociais con seguridade e en calquera ámbito urbano do tamaño que sexa. Expulsar as persoas dos espazos públicos é da mesma gravidade e inxustiza que expulsalas do acceso á educación ou a sanidade. É unha obriga das administracións garantirlle ese dereito á cidadanía.

O espazo público é un espazo en que o gozo e a estancia das persoas nel son os seus elementos fundamentais en detrimento da mobilidade motorizada e mecanizada.

2. As persoas primeiro

Calquera actuación no espazo público terá como principais destinatarias as persoas, a partir dun cambio de prioridades. O obxectivo é garantir a mobilidade peonil, que estará por diante doutros modos de transporte, na seguinte orde: bicicletas, transporte colectivo, servizos de carga e descarga e loxística, vehículos de mobilidade persoal (VMP) e automóviles particulares.

Os automóviles foron os primeiros na prioridade do uso dos espazos públicos e o deseño destes se fixo pensando case exclusivamente nas súas necesidades fronte aos dereitos das persoas aos citados espazos e marxinándoos doutros usos.

Hai que poñer a persoa, sobre todo a que quere estar, pasear ou desprazarse a pé no primeiro lugar das prioridades.



3. Mobilidade inclusiva

O espazo público é o único que é de todas e de todos, sen distinción de raza, sexo, idade, condición social ou capacidade física ou psíquica. É obriga deste concello garantir a accesibilidade universal aos espazos públicos e a promovelos como elementos de equidade e inclusión social. Atenderanse de forma prioritaria as necesidades dos colectivos máis vulnerables: nenas e nenos, persoas maiores e persoas con diversidade funcional.

Se o espazo público é de todas as persoas, a mobilidade debe ser posible para todas elas, independentemente da súa idade e dos seus condicionantes físicos. Considerar as persoas (que de ningún xeito responden a estereotipos) desde a concepción do proxecto e en todo o seu desenvolvemento.

4. Autonomía infantil

A integración da infancia é un elemento básico do proceso de socialización de nenas e nenos, polo que devolverlles globalmente un espazo público seguro debe ser un obxectivo de toda a sociedade. O concello promoverá a creación de camiños escolares seguros (como primeira medida de recuperación do espazo para este colectivo), potenciará, ademais, a súa presenza nas rúas e prazas de forma autónoma e establecerá canles de participación infantil na vida municipal.

As nenas e nenos aprenden no espazo público, de forma libre e autónoma, unha parte moi importante das relacións e dos contactos sociais; ademais, se estes viven nun espazo público pensado para eles, reclamarán este espazo e defenderano nun futuro para as súas fillas e fillos.

Pola contra, se nunca coñeceron nin gozaron do pracer do xogo na rúa, se cren que unha hora de xogo ao aire libre é suficiente, as opcións de elección no futuro que se lles están presentando non son moi prometedoras neste senso: a resignación (de desexaren un cambio, que descubran que pode ser tarde para realizalo) e a amargura (tras intuír e descubrir o que puido ser e non foi).

5. Mobilidades alternativas

Promoverase a mobilidade natural e activa fronte á motorizada tanto nos núcleos urbanos coma nos rurais e crearanse espazos de preferencia peonil nas rúas e nas prazas das nosas vilas e aldeas. Nos ámbitos rururbano e interurbano crearanse itinerarios peonís e ciclables e fomentárase o uso da bicicleta na mobilidade cotiá como modo de transporte alternativo.

A mobilidade motorizada que debe soportar o espazo público debe ser a imprescindible e iso non é o que agora estamos afeitos a ver. O tráfico necesario é moitísimo menor que o que hoxe en día soportan os nosos espazos urbanos.

Polo tanto, cómpre arbitrar medidas para reducir o volume de tráfico motorizado e, a continuación, propiciar que o tráfico necesario se realice maioritariamente mediante a marcha a pé ou con medios de mobilidade activa (bicicleta).



6. Espazos seguros

A seguridade viaria será unha prioridade no concello a través da posta en marcha de políticas de calmado do tráfico, coa colocación de pasos peonís sobreelevados e redutores físicos de velocidade.

Así mesmo, limitarase a velocidade máxima. Con carácter xeral, todas as vías municipais en contornas de núcleos urbanos ou rurais dispoñerán de velocidades máximas de 30 km/h. Nos espazos públicos de preferencia peonil en zonas urbanas ou cun núcleo rural recomendarase que os vehículos autorizados non circulen a máis de 10 km/h.

7. Hábitat saudable

A redución da presenza de vehículos de motor e o fomento da mobilidade activa servirán para construír unha sociedade máis saudable. Este concello, ademais de promover espazos amables e seguros para a estancia e os desprazamentos cotiáns, impulsará iniciativas para potenciar prácticas e usos saudables entre a cidadanía, como camiñar ou andar en bicicleta. Estes espazos e iniciativas non se circunscribirán unicamente aos centros urbanos.

8. Espazos amables e de calidade

O concello comprométese a garantir, sempre que sexa posible, un espazo peonil amable e de calidade en todos os proxectos de intervención no espazo público, cun itinerario continuo e libre de obstáculos e cun ancho mínimo de 2,5 m (preferentemente de 3 m). Nos proxectos de itinerarios peonís ou ciclables (nos que se segrega da calzada), garantirase tamén un ancho mínimo de 2,5 m (preferentemente de 3 m). No caso de que esta solución sexa imposible ou desaconsellable priorizarase a plataforma única coas medidas de calmado do tráfico necesarias para protexer os colectivos máis vulnerables.

Trátase de deseñar unha contorna que se sinta, na medida do posible, como propia; un espazo público que facilita a relación e a comunicación coas outras persoas; un espazo en que ver e ser visto é algo sinxelo e case consubstancial ao deambular e á estancia nel; un espazo usado por moita xente, onde é fácil o contacto entre as persoas ou sentilas preto, se así se busca e se desexa. Un espazo público ocupado de maneira case permanente, non masificado, pero cunha afluencia case continua de persoas.

9. Actividade económica de proximidade

A potenciación do espazo público de calidade e a presenza de persoas nas rúas servirá para fomentar o comercio local. O concello promoverá actividades sociais, culturais, deportivas e de lecer no espazo público recuperado, que, ademais, servirán como recursos turísticos.

A política urbanística do concello pode e debe xogar un papel moi importante para lograr e asentar este labor, xa que os núcleos e barrios deben ser o máis autosuficientes posible.



Venres, 26 de maio de 2023

Núm. 100

10. Mobilidade sostible

Ante a actual crise climática, e segundo os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible elaborados pola ONU e a Axenda 2030, o concello promoverá a redución do uso de vehículos de motor. O espazo público tenderá a reducir ou estar libre de contaminación ambiental.

Todo o anterior propiciará e dará lugar a unha mobilidade máis sostible e coherente coa redución das emisións contaminantes.

En esencia, esta ordenanza serve como base xurídica para que o concello poida:

— Incrementar os espazos públicos destinados ás persoas e crear infraestruturas de mobilidade alternativa (a pé e en bicicleta)

— Cumprir en todos e cada un dos proxectos executados os principios anteriores, así como os publicados na Guía de espazos públicos e mobilidade amable da Deputación de Pontevedra. Esta ordenanza elabórase en virtude da potestade regulamentaria que se lles recoñece ás entidades locais segundo o artigo 4.1. a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e o artigo 6 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG) e de acordo cos principios de legalidade, competencia, seguridade xurídica ou xerarquía normativa do artigo 103.1 da Constitución. Tal potestade e principios, xunto co afondamento nos obxectivos destacados, as competencias municipais establecidas no artigo 25 da LBRL e no artigo 80 da LALG, en materia de medio ambiente urbano e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas, infraestruturas viarias, seguridade en lugares públicos, a ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas, a pavimentación de vías públicas urbanas e a conservación de camiños e vías rurais, a Policía local, o tráfico, o estacionamento de vehículos e a mobilidade ou o transporte colectivo urbano entre outras, así como a habilitación expresa do artigo 7 b) do Texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria (TRLTSV), aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, levan ao concello a tramitar e aprobar esta ordenanza municipal reguladora da mobilidade amable e de utilización dos espazos públicos no Concello do Rosal.

CAPITULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

A ordenanza presente regula a mobilidade e a utilización dos espazos públicos do municipio co obxectivo de que a prioridade no uso do espazo público sexa das persoas, en lugar do vehículo privado.

Artigo 2. Ámbito

Esta ordenanza aplicárase a todas as vías e espazos públicos de titularidade e competencia municipal. Non se inclúen as vías que teñan a consideración de estradas (municipais ou non) de acordo coa correspondente lexislación sectorial, xa que se rexen por esta.



Venres, 26 de maio de 2023

Núm. 100

Artigo 3. Definicións

Para os efectos da aplicación desta ordenanza, establécense as seguintes definicións:

1. Peoa, peón. Terán a consideración de:

a) Peoa ou peón, en sentido estrito. Persoa que realiza, sen conducir ou ocupar un vehículo, calquera actividade nos espazos e vías públicas aos que se refire esta ordenanza, entre elas, a estancia, o xogo, a conversación ou o tránsito a pé.

b) Persoas asimiladas á condición de peoas ou peóns: quen empuxe ou arrastre un carriño dun bebé ou dunha persoa con diversidade funcional ou calquera outro vehículo sen motor de pequenas dimensións, incluídas carretas e carretillas; a persoa que conduce a pé un ciclo, un ciclomotor de dúas rodas ou calquera tipo de vehículo de mobilidade persoal; as persoas con diversidade funcional que circulan ao paso nunha cadeira de rodas, con ou sen motor, e as nenas e nenos menores de 12 anos que circulen en bicicletas, monopatíns, patíns ou aparellos semellantes, motorizados ou non, de pouco peso e potencia, que non supere a dun xoguete e, en todo caso, sempre a unha velocidade inferior a 6 km/h.

2. Pista ou camiño do rural. Todas as vías de comunicación ou espazos aptos para a circulación, de titularidade pública ou privada, pavimentados ou non, que comunican núcleos rurais e serven de acceso a vivendas, obradoiros, leiras agrícolas e similares, situados fóra da zona urbana ou do núcleo rural, de uso público, común ou susceptibles de seren potencialmente utilizados por unha colectividade indeterminada de persoas usuarias para diversos usos e funcións, entre elas as de mobilidade tanto peonil coma motorizada ou mecanizada.

3. Rúa. Todas as vías de comunicación ou espazos aptos para a circulación, de titularidade pública ou privada, pavimentados ou non, situados nas zonas urbanas, incluídos os núcleos rurais, e que serven de acceso a vivendas, obradoiros, locais, leiras e similares, de uso público, común ou susceptibles de seren potencialmente utilizados por unha colectividade indeterminada de persoas usuarias para diversos usos e funcións, entre elas as de mobilidade tanto peonil coma motorizada ou mecanizada.

4. Zona peonil. Parte da vía, elevada ou delimitada doutra forma, reservada á estancia e á circulación de persoas que camiñan. Inclúense nesta definición a beirarrúa, a plataforma e o paseo e, para os efectos desta ordenanza, as prazas e zonas verdes e asimilables.

5. Zona de preferencia e prioridade peonil. Como norma xeral, consideraranse zonas de preferencia peonil todas as que non estean reservadas expresamente á circulación de vehículos mecanizados ou motorizados, así como aquelas nas que coexistan no mesmo espazo os usos peonís coa mobilidade de vehículos, e tamén se inclúen:

- nas consideradas e definidas na normativa vixente de tráfico como zonas peonís
- Para os efectos da aplicación desta ordenanza engádense as rúas e prazas declaradas ou sinalizadas de preferencia peonil polo Concello, así como aqueloutros espazos non dedicados



Venres, 26 de maio de 2023

Núm. 100

de maneira exclusiva á circulación de vehículos motorizados ou mecanizados ou expresamente declarados pola autoridade municipal competente e debidamente sinalizados.

- Aqueles espazos que se definen na normativa xeral como rúa residencial, zonas con velocidade máxima de 30 k/h, sendas ciclables, camiños reservados para as e os peóns, refuxios ou semellantes.

- Todas as pistas ou camiños rurais, habitualmente sen espazos segregados para as e os peóns, salvo aquelas que se opoñan expresamente.

6. Zonas e espazos de coexistencia. Inclúense dentro das zonas de preferencia peonil das clasificadas no punto anterior e defínense como aqueles espazos e ámbitos en que se plasman uns postulados de deseño e xestión dos espazos públicos ou de uso común que favorezan a súa versatilidade e a posibilidade de seren soporte de diversos usos e actividades por parte da veciñanza e das persoas usuarias, nos que as mobilidades non peonís se subordinen a estas. O seu deseño e xestión será homoxéneo e tenderá a evitar ao máximo as segregacións e especializacións de uso, con extensión das plataformas únicas e limitacións do tráfico de vehículos e da súa velocidade mediante medidas de calmado de tráfico.

7. Zonas e espazos segregados. Son espazos cun deseño no que se delimita a superficie destinada aos distintos medios de transporte. A delimitación pode ser a nivel ou a distinto nivel. Normalmente comprende a calzada (destinada aos vehículos) e a beirarrúa (destinada ás peoas e peóns), o que é máis xeral nas zonas urbanas, aínda que poden identificar tamén superficies para as bicicletas e similares (carrís bici e similares) ou para as e os peóns e mais as bicicletas (sendas nas zonas rurais).

8. Tráfico ou estacionamento de servizos. Enténdese por tráfico e estacionamento de servizos, no campo da mobilidade motorizada ou mecanizada, o que corresponde a aquelas actividades necesarias para o bo desenvolvemento da actividade económica e residencial, que inclúen, ademais das actividades de servizos públicos e de emerxencia, aqueles tráfico e estacionamentos necesarios para o funcionamento do núcleo, tales como os de mensaxería, recollida de encargos, repartición a domicilio, acceso a garaxes en zonas de tráfico restrinxido, acceso para persoas con mobilidade reducida, servizo a hoteis, transporte de vultos por parte de residentes en edificios que carezan de garaxe ou mudanzas e actividades asimiladas.

Inclúense, no concepto de servizos, os tráfico e estacionamentos de vehículos expresamente autorizados para residentes, comerciantes, profesionais, centros administrativos ou semellantes, así como a carga e descarga tradicional, que contará coa súa regulamentación específica en desenvolvemento da normativa xeral de tráfico.

9. Tipoloxía de mobilidades. Sen prexuízo de posteriores divisións como consecuencia das súas características, esta ordenanza clasifica a mobilidade en tres grandes tipos:

- a) Mobilidade natural ou peonil. A realizada sen ningún tipo de aparello ou axuda, ou a propia daqueles tipos asimilados á condición de peoa ou peón.



Venres, 26 de maio de 2023

Núm. 100

b) Mobilidade mecanizada (non motorizada). A efectuada en aparellos que teñan a consideración de vehículos propulsados, exclusiva ou principalmente, pola enerxía ou polo esforzo muscular da persoa ou persoas que se desprazan sen axuda de motores de calquera tipo. Inclúe tamén as bicicletas con pedaleo asistido, equipadas cun motor eléctrico auxiliar, de potencia nominal continua máxima inferior ou igual a 250 W, que diminúa progresivamente e se interrompa ao acadar os 25 km/h. Non se contemplan aquí as bicicletas eléctricas.

c) Mobilidade motorizada. A correspondente a todos os casos en que o vehículo, apto para circular, teña calquera tipo de motor, aínda que sexa eléctrico ou se use esporadicamente; inclúense, polo tanto, as bicicletas eléctricas e os VMP.

10. Vehículos de mobilidade persoal (VMP): segundo a normativa xeral defínense como vehículos dunha ou máis rodas, dotados dunha única praza e propulsados exclusivamente por motores eléctricos que poden proporcionarlle ao vehículo unha velocidade máxima por deseño comprendida entre 6 e 25 km/h. Só poden estar equipados cun asento ou sela se están dotados dun sistema de autoequilibrado. Exclúense desta definición os vehículos con sistema de autoequilibrado e con sela, os concibidos para a competición, os destinados a persoas con mobilidade reducida e os vehículos cunha tensión de traballo maior a 100 VCC ou 240 VAC, así como aqueles incluídos dentro do ámbito do Regulamento (UE) núm. 168/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 15 de xaneiro de 2013, relativo á homologación dos vehículos de dous ou tres rodas e os cuatriciclos, e a vixilancia do mercado dos devanditos vehículos. Ao ser definidos formalmente como vehículos, inclúense na mobilidade motorizada definida nesta ordenanza e poderán circular polos espazos que aquí se determinan, pero nunca polas beirarrúas.

As características dos VMP establécense na Resolución do 12 de xaneiro de 2022 da Dirección Xeral de Tráfico, pola que se aproba o Manual de características dos vehículos de mobilidade persoal, ou a norma que no futuro puidese substituíla.

Aqueles aparellos que por deseño non poidan exceder a velocidade de 6 km/h terán a consideración de xoguets e aqueles que conforme á normativa xeral non teñan a consideración de VMP e que estean fóra do ámbito de aplicación do Regulamento (UE) núm. 168/2013 non poderán circular polas vías públicas.

11. Zonas reservadas para o tráfico. Partes de rúas, pistas ou espazos públicos ou privados de uso común ou por unha colectividade indeterminada, que non teñan declarada a preferencia peonil, dedicados exclusivamente á circulación de vehículos, coma calzadas, bandas de estacionamento, carrís bici ou calquera outro dos definidos na normativa de tráfico como tales.

12. Calzada. Para os efectos desta ordenanza, a calzada en vías con beirarrúas, en zonas urbanas ou de núcleo rural, é a parte de rúa entre estas últimas ou a partir da beirarrúa no caso dunha soa beirarrúa; inclúe, polo tanto, de existir, a banda ou bandas de estacionamento. No caso de estradas ou pistas do rural, a calzada na parte da vía destinada á circulación de vehículos motorizados, e non inclúe, xa que logo, de existiren, as beirarrúas. Esta definición non se aplica ás vías urbanas ou de núcleo rural de plataforma única.



Artigo 4. Competencias municipais: autoridade municipal competente, axentes da Policía local e servizos técnicos

1. Correspóndelle á Alcaldía ou á concelleira ou concelleiro do Goberno no que delegue, de ser o caso, co debido asesoramento dos servizos técnicos e de mobilidade municipais se así se solicitase, as competencias que lle outorga ao Concello a normativa de réxime local e a específica de tráfico, así como as de desenvolvemento desta disposición xeral, como autoridade municipal competente nas materias de ordenación dos espazos públicos, mobilidade, circulación e ordenación do tráfico de vehículos e de persoas nas vías urbanas, estacionamento de vehículos, xefatura da Policía local ou transporte colectivo urbano, para o que poderá desenvolver as seguintes atribucións:

a) Ordenar o peche á circulación rodada, parcial ou total, con carácter provisional ou definitivo, daquelas rúas e espazos que se estimen oportunos. As prohibicións de circulación de carácter total, permanente ou definitivo, adoptaranse previa consulta facultativa aos servizos técnicos e de mobilidade e, de ser o caso, daráselles publicidade mediante o correspondente bando.

b) Declarar zonas de preferencia peonil e espazos de coexistencia.

c) Ordenar o tráfico e o estacionamento, en cuestións como direccións e sentidos de circulación, limitacións de velocidade por baixo das establecidas nesta ordenanza, reserva de uso de carrís para determinado tipo de vehículos ou persoas, regulación dos estacionamentos —incluídos os de réxime limitado—, reserva de determinados estacionamentos para uso exclusivo de servizos, a carga e descarga, as prazas de aparcamento reservadas a residentes, as limitacións de circulación para determinados vehículos, a circulación de vehículos de mercadorías, a ordenación dos itinerarios do transporte público e escolar, a sinalización ou, en xeral, calquera outra medida de ordenación do estacionamento e da circulación conforme á habilitación da normativa xeral, así como as súas excepcións.

d) Ordenar os usos dos espazos públicos para todo tipo de actividades, tanto comúns ou permanentes coma extraordinarias ou puntuais, como obras, instalación de contedores de cascallos ou actividades festivas e deportivas, entre outras.

e) Impoñer sancións en materia de tráfico ou por infraccións dos preceptos desta ordenanza cometidas no seu ámbito de aplicación, incluídas as que se cometan en vías e terreos urbanos ou de núcleo rural usados por unha colectividade indeterminada de persoas usuarias, con independencia da súa titularidade, sempre que esta competencia non se lle atribúa a outra administración e en defecto de normativa específica.

2. No caso de dispoñer de Policía local, correspóndelle a esta e as e os seus axentes o desenvolvemento daquelas funcións sobre regulación de tráfico que lles atribúe a normativa vixente sobre forzas e corpos de seguridade e sobre tráfico e, particularmente, as seguintes:

a) Ordenar, sinalizar e dirixir o tráfico urbano e, en xeral, o das vías que teñan atribuídas polos acordos de distribución de competencias, de conformidade co disposto nas normas de



Venres, 26 de maio de 2023

Núm. 100

circulación, baixo a dirección da Alcaldía ou da concelleira ou concelleiro de goberno en quen delegue, en función da materia.

b) O desenvolvemento das competencias e funcións de policía administrativa municipais no ámbito sancionador en materia de tráfico que se desenvolven nos puntos seguintes e non atribuídas expresamente á autoridade municipal competente, en relación con todas aquelas infraccións cometidas tanto nas vías de titularidade municipal coma en vías e terreos urbanos ou de núcleo rural, usados por unha colectividade indeterminada de persoas usuarias, con independencia da súa titularidade, sempre que esta competencia non estea atribuída a outra administración e en defecto de normativa específica.

c) Instruír atestados por accidentes de circulación nas vías e nos espazos comprendidos no ámbito das atribucións establecidas e comunicarlles as súas actuacións ás forzas e corpos de seguridade do Estado cando sexa preceptivo.

d) Formular unha denuncia polas infraccións que se cometan por vulneración desta ordenanza ou da normativa xeral de tráfico e, no seu caso, formular a proposta de sanción e emitir informes ás alegacións e aos recursos que se instrúan no procedemento. Adoptar as medidas provisionais de inmovilización e retirada que correspondan.

e) Exercer as atribucións para propoñer ou determinar os supostos, espazos e zonas habitualmente destinadas ao estacionamento que, temporal e excepcionalmente, se deban reservar con motivo de eventos extraordinarios de carácter deportivo, actos culturais, sociais, festivos, relixiosos ou de índole análoga, así como a súa sinalización circunstancial e a denuncia, inmovilización, retirada e traslado de vehículos de zonas provisionalmente reservadas para usos distintos do estacionamento e debidamente sinalizadas.

f) Estudar as medidas temporais de ordenación do tráfico en determinadas zonas, con motivo da execución de obras ou a realización de actos, baixo a coordinación dos servizos técnicos municipais.

g) Exercer a policía administrativa no que se refire a todas as ordenanzas, bandos e demais disposicións municipais relativas ao espazo público, no ámbito da súa competencia.

h) Vixiar e exercer a policía administrativa de todos os espazos públicos en xeral.

3. No caso de dispoñer de servizos técnicos ou de área de mobilidade, exercerán as funcións que se lles atribúen nas relacións de postos de traballo municipais en materia de mobilidade, mantemento e ordenación do espazo público, tráfico, infraestruturas de control de tráfico rodado e de seguridade cidadá e, particularmente:

a) Prestar a debida asistencia técnica, cando así o requira a Policía local ou a autoridade municipal competente.

b) Efectuar estudos, informes e propostas sobre medidas de ordenación da circulación de vehículos e das e dos peóns, a idoneidade de zonas de aparcamento e, en xeral, sobre seguridade viaria e risco de accidentes.



c) Realizar estudos e proxectos sobre a situación e as características dos elementos das redes de semáforos, sinalizacións verticais e horizontais ou elementos auxiliares de circulación.

d) Prestar asistencia técnica en cuestións coma coexistencias, direccións e sentidos do tráfico, preferencias de paso e stop, prohibicións de xiro, prohibicións de circulación, limitacións de velocidade, limitacións horarias de circulación, paradas de taxi, pasos peonís, zonas e paseos peonís, zonas de ensino de condución, ordenación do transporte escolar, elementos auxiliares de circulación e calquera outra que se lles requira.

e) Estudar medidas temporais de ordenación do tráfico en determinadas zonas, con motivo da execución de obras ou da realización de actos.

f) Xestionar o transporte de mercadorías nos núcleos: proposta de determinación de zonas, horarios, ordenación da carga e descarga, informe de autorizacións de transportes especiais e perigosos nas vías de competencia municipal.

4. En ausencia de Policía local ou de servizos técnicos, ou de evidente falta de medios dunha ou doutros, a Alcaldía asumirá as funcións aquí indicadas, no marco da normativa vixente.

Tendo en conta as competencias que se tratan neste artigo, figuran no Anexo I desta Ordenanza os requisitos e os modelos correspondentes para a Solicitud de Acceso singular á Área de Preferencia Peonil (SOL-APP) e de Comunicación de Acceso puntual á Área de Preferencia Peonil (COM-AP); asemade terase en conta que os vehículos autorizados poderán acceder á área de preferencia peonil solicitada para realizar unha actividade con orixe ou destino dentro da mesma: estacionamento en garaxe, carga e descarga, servizos, etc. En ningún caso esta autorización permitirá atravesar estas zonas sen realizar a parada oportuna ou sen que esta sexa xustificada. Neste caso o vehículo poderá ser sancionado.

O departamento da Policía Local encargarse da supervisión e control das autorizacións para accesos a área de preferencia peonil, así coma a vixilancia do cumprimento do establecido nesta Ordenanza.

CAPÍTULO II. Prioridades no uso dos espazos públicos ou normas xerais de comportamento no espazo público

Sección primeira. Da prioridade da mobilidade peonil

Artigo 5. Prioridade dos usos peonís

No uso dos espazos públicos municipais terán preferencia as actividades que realizan as e os peóns e os asimilados a esta condición, entre elas a estancia, o xogo, a conversación ou o desprazamento a pé, sobre a mobilidade mecanizada e motorizada. En consecuencia, en todos os espazos públicos de calquera tipo terán preferencia os usos peonís, excepto nos reservados, expresa e xustificadamente, a outros fins específicos, entre eles a mobilidade mecanizada ou motorizada.



Artigo 6. Principios xerais das zonas de preferencia ou prioridade peonil**1.—Principio de preferencia peonil**

Nas zonas definidas, segundo esta ordenanza, como de preferencia peonil, a prioridade de utilización absoluta e incondicionada será, como a súa denominación indica e en condicións normais, para os usos peonís. Nestas zonas as persoas poderán desenvolver as súas actividades sen preocupación nin temor aos vehículos de calquera tipo que, ocasionalmente, puidesen circular por elas.

1.—Principio de adaptación da condución á preferencia peonil

As e os condutores de calquera tipo de vehículo que, nos casos en que estean debidamente autorizados, teñan que circular por necesidade polas zonas de preferencia peonil, incluídas as asimiladas a estas, terán que adaptar a súa conduta e velocidade, de maneira que non perturbe, atemorice nin, moito menos, supoña un perigo para as e os peóns.

2.—Principio de respecto polas peoas e peóns.

Quedan terminantemente prohibidos por parte das persoas condutoras de calquera tipo de vehículo, mesmo das asimiladas á condición de peoa ou peón, os comportamentos conducentes a expulsar as e os viandantes das zonas de preferencia peonil ou os que os obriguen a modificar a súa conduta ou traxectoria, como soar bucinas, timbres ou outros dispositivos de aviso, realizar aceleradas, aproximar o vehículo a distancias menores de 2 metros da ou do peón, ir a unha velocidade superior á dun peón ou peoa cando se atopa na traxectoria do vehículo, sortear as e os peóns cos vehículos a velocidades superiores ás destes, atemorizalos con velocidades excesivas, increpalos para que se aparten ou calquera outra semellante que non observe este principio e prohibición. Nas pistas rurais asimiladas ás zonas de preferencia peonil tamén se prohiben comportamentos conducentes a poñer en perigo, acosar, angustiar ou atemorizar as e os peóns, e aproximar os vehículos ás e os peóns a distancias inferiores a 1,5 metros, co deber de reducir a velocidade no encontro con estes ás determinadas nesta ordenanza.

3.—Principio de preferencia peonil para determinar as rasantes do espazo público. Este principio implica que, nas vías municipais aptas para a circulación, cando as beirarrúas e a calzada teñan rasantes diferentes e a beirarrúa estea máis elevada que a calzada, os pasos peonís sobreelevados, para cumprir a nova xerarquía de prioridades e mellorar a accesibilidade, serán os predominantes para darlle continuidade ao itinerario peonil. Por conseguinte, elevarase a rasante da calzada ata o nivel da beirarrúa e o deseño dos pasos peonís complementarase con orellas e lingüetas.

4.—Principio de anchos mínimos adecuados en beirarrúas e itinerarios peonís.

Con carácter xeral e excepto imposibilidade material tecnicamente xustificada, as beirarrúas e os itinerarios peonís de nova planta que se implanten nas rúas e vías de titularidade municipal terán un ancho mínimo de 2,50 metros, dos cales polo menos 1,80 metros serán libres de obstáculos, e cumprirán cos criterios de accesibilidade universal. Neste espazo non se poderán



Venres, 26 de maio de 2023

Núm. 100

instalar contedores, sinais, báculos de luminarias nin ningún outro elemento que poida representar un obstáculo para a accesibilidade e a mobilidade peonil universal.

En accesos a predios e garaxes deberá haber na beirarrúa un ancho mínimo horizontal de 90 cm libre doutros obstáculos.

No caso de que esta solución sexa desaconsellable ou imposible, a alternativa prioritaria será a plataforma única ao mesmo nivel, coas medidas de redución e calmado do tráfico necesarias para protexer os colectivos máis vulnerables.

En calquera caso, cumpriranse as condicións mínimas recollidas nos artigos 5 e 6 da Orde TMA/851/2021, de 23 de xullo, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados ou a orde que a substitúa e demais normativa de accesibilidade.

5.—Principio de non contaminación acústica e atmosférica.

As persoas condutoras e as ocupantes dos vehículos evitarán producir ruídos, especialmente en horario nocturno, polo que non se poderá tocar a bucina, excepto en casos de extrema necesidade, pechar as portas ou as tapas do vehículo bruscamente, circular con escape libre, circular ou estar estacionado con volume elevado nas radios e nos aparellos de reprodución de son, permanecer co motor en marcha co vehículo estacionado, realizar aceleradas inxustificadas e, en xeral, calquera outra conduta que infrinxa a normativa de protección do medio ambiente contra a contaminación acústica e atmosférica ou perturbe a preferencia peonil no uso do espazo público.

Artigo 7. Continuidade dos itinerarios peonís

Como norma xeral, en solo urbano, hai que poñer pasos peonís en todas as rúas ou vías que conflúen nun cruzamento.

Debe evitarse a colocación de semáforos. De ser necesario, no cruzamento deberá establecerse o tempo das distintas fases dos semáforos, de forma que se programe o tempo suficiente para as peoas e peóns, coa garantía de que o tempo de desaugadoiro permita que o último peón abandone a calzada sen correr.

Os pasos peonís nos cruzamentos deberán ser directos e unha continuación ou prolongación da beirarrúa ou do itinerario para viandantes e ter a menor lonxitude posible.

Os pasos peonís serán, como norma xeral, sobreelevados, e serán unha continuación da beirarrúa en canto á rasante.



Sección segunda. Da mobilidade motorizada ou mecanizada**Artigo 8. Xerarquía entre a mobilidade mecanizada e a motorizada**

1. A mobilidade en vehículo mecanizado. As bicicletas, con ou sen pedaleo asistido, os ciclos e os VMP sen motor terán preferencia sobre as mobilidades motorizadas, incluídas as bicicletas eléctricas ou os ciclos de motor.

2. As e os condutores dos vehículos motorizados terán que circular respectando os vehículos de mobilidade mecanizada e conducir de maneira que non supoñan unha ameaza para a súa seguridade, deberán facilitarlles a súa boa circulación, respectar as distancias de separación para adiantar e cederlles o paso nos cruzamentos nos que non estean definidas as prioridades.

3. Entre as mobilidades motorizadas, terán prioridade e preferencia sobre as demais os vehículos prioritarios en servizos de urxencia ou outros servizos públicos especiais, de conformidade co disposto na normativa xeral. A continuación, terán prioridade, por esta orde, os vehículos destinados ao servizo de transporte público de viaxeiros, ao transporte de mercadorías e, por último, os VMP, as motocicletas, os turismos e os demais automóviles privados, nos termos establecidos nesta ordenanza e na sinalización instalada.

4. Os vehículos destinados ao servizo de transporte público colectivo de viaxeiros ou ao transporte escolar, no desenvolvemento das funcións propias dos servizos que prestan e de non existir parada habilitada fóra da calzada, poderán parar nesta, naquelas zonas debidamente sinalizadas e polo tempo imprescindible para efectuar as súas funcións de subida e baixada. Tamén poderán parar na calzada os vehículos adscritos ao servizo público de limpeza e recollida de lixo cando realicen as funcións encomendadas.

CAPÍTULO III. Circulación e estacionamento**Sección primeira. Circulación****Artigo 9. Circulación dos vehículos polas calzadas**

1. Como norma xeral, todos os vehículos aptos para circular deberán facelo polas calzadas ou vías reservadas para este fin. Exceptúanse os vehículos que teñan a consideración de asimilados á condición de peoa ou peón, as máquinas varredoras e os vehículos de emerxencias e doutros servizos públicos especiais e sempre en acto de servizo, naqueles supostos taxados ou excepcionais previstos na normativa de tráfico.

2. A circulación dos VMP polas calzadas das vías de titularidade municipal admitirase nas calzadas daquelas rúas e vías que non teñan a consideración de estrada segundo a lexislación sectorial de estradas, que teñan limitada a súa velocidade a 30 km/h ou inferior e só para os maiores de 15 anos, excepto prohibición expresa acordada pola autoridade municipal competente e plasmada no correspondente sinal, naqueles casos en que así se determine en función das características da vía ou do tráfico que soporte.



Venres, 26 de maio de 2023

Núm. 100

3. As bicicletas, os ciclos e os VMP, incluídos os vehículos recreativos non motorizados ou con motorizacións de moi pequena potencia, non poderán circular por beirarrúas, plataformas peonís ou paseos peonís e demais zonas peonís definidas na normativa xeral, sen prexuízo do sinalado no subapartado 1.2 do artigo 3 para os menores de 12 anos e o sinalado no artigo 19.1 letra c), para as sendas segregadas en zona rural.

4. A persoa que manexe ou vaia ao mando do VMP ou dun vehículo lixeiro propulsado por motor eléctrico, terá a consideración de persoa condutora de vehículo, para os efectos sancionadores en materia de tráfico e da existencia de responsabilidade, especialmente no que se refire a comportamentos prohibidos pola normativa xeral, como utilizar durante a condución un teléfono móbil ou auriculares, as relativas ás taxas de alcol ou presenza de drogas, ou a circulación nocturna ou en situacións de escasa visibilidade sen iluminación operativa e sen levar pezas nin elementos reflectores. A utilización de cascos será obrigatoria nos mesmos supostos que para as bicicletas.

5. Nos supostos das letras b.1) e b.2) do artigo 19, as bicicletas e os VMP deberán ir obrigatoriamente pola calzada.

6. De acordo coas competencias establecidas no apartado 1 do artigo 4, poderanse establecer vías, rúas ou zonas de tráfico restrinxido tanto a uns determinados usos como a determinados vehículos.

Sección segunda. Parada e estacionamento

Artigo 10. Parada

1. Enténdese por parada toda detención dun vehículo con obxecto de recoller ou deixar persoas, cargar e descargar cousas ou por outros motivos cuxa duración non exceda de dous minutos; este tempo aumentará ao necesario no caso de que se trate de tomar ou deixar persoas con mobilidade reducida.

2. Nas paradas, o condutor ou a condutora non poderá abandonar o vehículo a non ser que fose para recoller ou deixar persoas con mobilidade reducida e, se o fixese excepcionalmente, deberá de telo á vista e retiralo no mesmo momento no que se lle requira ou cando as circunstancias o demanden.

3. Nas rúas sen beirarrúas, ao realizar a parada deixarase unha distancia de metro e medio entre o vehículo e a fachada máis próxima, salvo sinalización noutro sentido.

4. Queda prohibida totalmente a parada:

a) Onde así estea sinalizado ou prohibido regulamentariamente, excepto para recoller ou deixar persoas enfermas ou persoas con mobilidade reducida, polo tempo estritamente imprescindible, ou se se trata de servizos de urxencia ou seguridade no exercicio das súas funcións ou vehículos autorizados.



Venres, 26 de maio de 2023

Núm. 100

b) Onde se entorpeza a circulación de persoas ou vehículos, agás no caso de servizos de urxencia ou seguridade no exercicio das súas funcións.

c) Sobre as beirarrúas, áreas peonís e xardíns.

d) Nos refuxios, illotes, medianas, zonas de protección e demais elementos canalizadores do tráfico.

e) Cando se obstrúan os accesos de vehículos en inmobles debidamente sinalizados co correspondente vao, excepto o recollido no apartado a).

f) Cando se obstaculice a utilización normal do paso de saída ou de acceso de persoas a un inmovible.

g) En pasos peonís, pasos para persoas que se desprazan a pé, pasos para ciclistas e espazos reservados para outros vehículos. Igualmente, nos 10 metros anteriores no sentido da marcha dun paso peonil

h) Nos carrís ou nas partes da vía reservados exclusivamente para a circulación ou para o servizo de determinadas persoas usuarias.

i) Nas zonas destinadas para estacionamento e parada de uso exclusivo para o transporte público urbano.

j) Nas zonas sinalizadas como reserva para vehículos de persoas con mobilidade reducida.

k) Nos carrís destinados ao uso exclusivo do transporte público ou nos carrís reservados para as bicicletas.

l) Nas zonas sinalizadas como reservadas para vehículos de servizo público, organismos oficiais e servizos de urxencia.

m) Nos rebaixes de beirarrúa para o paso de persoas con diversidade funcional.

n) Nas pontes e nos pasos elevados ou baixo estes.

o) A menos de 5 metros dunha esquina, cruzamento ou bifurcación.

p) Nos lugares onde se lles impida a visibilidade de sinalización ás persoas usuarias da vía ou as obrigue a faceren manobras, así como cando supoña risco para a seguridade do resto de persoas usuarias da vía, en especial a quen se despraza a pé e en bicicleta, ao dificultarlles a súa percepción.

Artigo 11. Estacionamento

1. Enténdese por estacionamento toda inmovilización dun vehículo cuxa duración exceda de dous minutos, sempre que non estea motivada por imperativo da circulación ou para cumprir algún precepto regulamentario, ou salvo que se trate de recoller ou deixar persoas con mobilidade reducida.



Venres, 26 de maio de 2023

Núm. 100

Os vehículos poderanse estacionar en fila e en batería (preferiblemente en espiga).

Estacionamento en fila ou en cordón é aquel no que os vehículos se sitúan uns detrás doutros cos seus eixes lonxitudinais paralelos ao bordo da calzada.

Denomínase estacionamento en batería aquel no que os vehículos se sitúan uns aos lados dos doutros e cos seus eixes lonxitudinais formando un ángulo co bordo da calzada, segundo o establecido nas marcas viarias, deixando libre a parte da calzada destinada ao tráfico rodado. Se no sentido da marcha o ángulo que as marcas viarias forman coa beirarrúa é agudo e, en consecuencia, o estacionamento se efectúa marcha adiante e a saída marcha atrás, o estacionamento denomínase en batería propiamente dito. Se, pola contra, no sentido da marcha, o ángulo que forman as citadas marcas viarias coa beirarrúa é obtuso e, en consecuencia, o estacionamento se efectúa marcha atrás e a saída marcha adiante, denomínase estacionamento en espiga.

Como norma xeral o estacionamento farase sempre en fila. De haber excepcións a esta norma, teranse que sinalizar expresamente.

En ausencia de sinalización os vehículos deberán estacionar en fila. Nas rúas e nas vías sen beirarrúas unicamente se poderá estacionar se está expresamente permitido e deberá deixarse obrigatoriamente unha distancia de metro e medio como mínimo entre o vehículo e a fachada máis próxima ou con respecto á cuneta no caso de vías ou pistas. Nos estacionamentos con sinalización no pavimento, os vehículos situaranse dentro do perímetro marcado.

En ningún caso se utilizará o estacionamento en batería nin en espiga en zonas de velocidade de circulación maior a 50 km/h nin na proximidade das interseccións.

2. Prohíbese estacionar todo tipo de vehículos nas zonas peonís reguladas na normativa de tráfico e, en xeral, en todo tipo de zonas de preferencia peonil definidas nesta ordenanza, excepto as que dispoñan de espazos habilitados para o efecto, nos que se poderá parar e estacionar durante o tempo máximo establecido na sinalización e só para aqueles vehículos autorizados expresamente.

3. En ausencia doutra sinalización entenderase que nas vías de dobre sentido de circulación se autoriza o estacionamento en liña no lado dereito da calzada segundo o sentido da marcha.

4. A autoridade municipal poderá, excepcionalmente, limitar o estacionamento en certos barrios ou zonas do municipio, autorizándoo unicamente a determinados vehículos.

5. O estacionamento deberá efectuarse de tal maneira que o vehículo non obstaculice a circulación nin constitúa un risco para o resto das persoas usuarias da vía. En todos os casos, quen conduza un automóbil deberá estacionalo de maneira que o seu vehículo non poida moverse espontaneamente e tomará, para o efecto, as precaucións adecuadas e suficientes.

6. O estacionamento realizarase de forma que lles permita ás demais persoas usuarias a mellor utilización do espazo libre restante.



7. Non se poderán estacionar nas vías públicas remolques separados do vehículo motor, nin autobuses, tractores, caravanas ou vehículos de peso máximo autorizado superior aos 3.500 kg, excepto nos termos, lugares e períodos autorizados expresamente por decreto ou bando da Alcaldía.

8. Prohíbese estacionar, polo xeral, nos 10 metros anteriores, medidos no sentido da marcha dos vehículos, dun paso peonil, así como a menos de 5 metros das esquinas e das interseccións das rúas; todo iso con independencia de que o Concello estableza a correspondente sinalización.

Artigo 12. Estacionamento restrinxido a servizos

De acordo coas competencias establecidas no apartado 1 do artigo 4 desta ordenanza, poderanse establecer, por tempo limitado e nunca superior a 30 minutos, salvo excepción que xustifique o contrario, prazas de estacionamento para os servizos, tal como estes se definen no apartado 8 do artigo 3. Estas prazas, salvo indicación contraria, tamén poderán utilizalas os vehículos de carga e descarga autorizados. Pola contra, os tráfico de servizos non poderán estacionar nas prazas de carga e descarga.

Artigo 13. Estacionamento para persoas con diversidade funcional.

O Concello poderá establecer zonas de estacionamento especial para persoas con diversidade funcional, sinalizadas para o efecto co símbolo internacional de accesibilidade, cando estas estean en posesión da correspondente autorización.

O uso das prazas de aparcamento sinalizadas como reserva para persoas con diversidade funcional restrinxirase a aqueles vehículos conducidos ou que transporten ás devanditas persoas e que presenten no seu parabrisas un distintivo homologado segundo o modelo comunitario, concedido polo Concello.

Artigo 14. Estacionamento de bicicletas e ciclos de dúas rodas

As bicicletas e outros ciclos estacionaranse nos espazos especificamente acondicionados para tal fin, debidamente aseguradas nas grellas habilitadas para o efecto. Estes espazos, por regra xeral, nunca deberán situarse nas zonas destinadas á estancia ou á circulación das e dos viandantes. Excepcionalmente, poderán habilitarse nas beirarrúas nas vías que dispoñan de segregación de calzada e beirarrúa, xustificando debidamente a imposibilidade de facelo na calzada, sempre que no lugar da beirarrúa elixido non se perturbe o camiñar e a estancia das e dos peóns e se respecten as marxes establecidas pola normativa de accesibilidade. De non existir espazos especificamente acondicionados, as bicicletas poderán amarrarse a elementos do mobiliario urbano, sempre que con iso non se ocasione ningún dano a estes elementos, non se vexa alterada a súa función, nin se entorpeza o tránsito peonil, a accesibilidade, nin a circulación de vehículos. Prohíbese expresamente o amarre das bicicletas ás árbores, bancos, papeleiras, xardineiras, sebes e outras partes da vía destinadas ao ornato da vila ou cidade.



Venres, 26 de maio de 2023

Núm. 100

As bicicletas e outros ciclos poderán estacionarse en áreas peonís ou sobre paseos unicamente nos espazos especificamente reservados que estableza a autoridade municipal. Para seleccionar os devanditos espazos, deberase xustificar debidamente a imposibilidade de facelo na calzada, que no lugar elixido non se perturba o camiñar e a estancia das persoas e que se respecten as marxes establecidas pola normativa de accesibilidade.

Os aparcamentos deseñados especificamente para bicicletas, tanto na calzada coma fóra dela, serán de uso exclusivo para estas e outros ciclos, incluídos os de persoas con mobilidade reducida.

Artigo 15. Estacionamento de motocicletas e ciclomotores nas rúas.

As motocicletas e os ciclomotores deberán aparcar na calzada ou na zona reservada para o tráfico, nas zonas especialmente establecidas para estes vehículos; en ausencia destas tamén poderán facelo nos estacionamentos previstos para vehículos automóbiles, que nunca poderán situarse nas beirarrúas. Neste último caso, o estacionamento de motocicletas e ciclomotores farase en batería e dentro do perímetro marcado no pavimento.

Prohíbese estacionar nas beirarrúas, nos pasos peonís e nas zonas peonís.

Os aparcamentos deseñados para o uso de motocicletas e ciclomotores serán de uso exclusivo para estes vehículos.

Artigo 16. Limitación temporal e espacial do estacionamento.

1. Ningún vehículo poderá permanecer estacionado indefinidamente na vía pública. Con carácter xeral, limítase o estacionamento nas vías e nos espazos aptos para o estacionamento a un período máximo dun mes.

2. Prohíbese estacionar vehículos coa finalidade de exercer actividade comercial destinada á súa venda ou aluguer ou calquera outra actividade mercantil ou publicitaria.

3. Prohíbese reservar espazos para aparcamento con elementos diferentes aos sinais homologados ou por persoas que non sexan as expresamente autorizadas, nos supostos de reservas temporais de vía pública.

4. Agás autorización expresa, puntual e con carácter temporal ou para os vehículos de emerxencias ou de servizos públicos que cumpren as súas funcións, en ningún caso se poderá estacionar, nin sequera parcialmente, enriba da beirarrúa.

CAPÍTULO IV. Carga e descarga

Artigo 17. Carga e descarga

As operacións de carga e descarga de mercadorías nas vías públicas realizaranse dentro das zonas reservadas para ese efecto e no horario establecido, e exclusivamente por:



Venres, 26 de maio de 2023

Núm. 100

1. Vehículos industriais, comerciais ou mixtos adaptables, segundo a clasificación que figura no permiso de circulación, ou, no seu caso, que posúan tarxeta de autorización, e que, sen ser turismos, estean autorizados a transportar mercadorías.

2. Bicicletas ou ciclos provistos de remolque para a carga ou outros vehículos de repartición de menor tamaño e de traccións distintas á convencional motorizada (carretillas manuais e eléctricas, plataformas tractoras etc.).

3. A autoridade municipal determinará os espazos reservados para a realización de operacións de carga e descarga e poderá limitar a súa utilización a determinados períodos do día e da semana. Así mesmo, poderá establecer sinalización nestas zonas para realizar as operacións de carga e descarga. O detalle, a modificación ou a ampliación das mencionadas rúas ou zonas, así como do tipo de vehículos autorizados, establecerase no correspondente decreto ou bando da Alcaldía ou na modificación da sinalización.

4. Non poderá realizarse a carga e descarga fóra das zonas reservadas anteriormente descritas, salvo autorización expresa da autoridade municipal.

As mercadorías, os materiais ou os elementos que sexan obxecto da carga e descarga non se deixarán na vía pública, senón que se trasladarán directamente do inmovible ao vehículo ou viceversa, salvo en casos excepcionais, que deberán autorizarse expresamente e contar coa preceptiva licenza para a ocupación da vía pública. As operacións de carga e descarga terán que realizarse coas debidas precaucións para evitar ruídos innecesarios e coa obriga de deixar limpa a vía pública.

5. As mercadorías cargaranse e descargaranse polo lado do vehículo máis próximo á beirarrúa, mediante os medios necesarios e o persoal suficiente para axilizar a operación e procurando non dificultar a circulación tanto de persoas coma de vehículos. De existir algún perigo para estas persoas ou para os vehículos, a carga ou descarga deberá sinalizarse debidamente mentres se realice.

6. En calquera caso, o estacionamento nestas zonas terá unha duración máxima axustada exclusivamente ao tempo da execución das operacións de carga ou descarga do vehículo, polo que o resto de traballos relacionados con estas deberán efectuarse co vehículo fóra destas zonas de estacionamento. Considerarase un uso ilegal os aproveitamentos cuxa finalidade non sexa a realización das mencionadas operacións. O límite máximo de duración das operacións de carga e descarga é de 20 minutos para cada operación, salvo sinalización expresa. Excepcionalmente, poderase autorizar un período maior de tempo previa solicitude debidamente xustificada e para unha operación concreta.

7. Con carácter xeral, as prazas de carga e descarga serán de uso libre para todas e todos os transportistas que cumpran coas condicións establecidas e, no seu caso, dispoñan da correspondente autorización. Como norma, salvo xustificación expresa, non se dispoñerán prazas privativas outorgadas directamente a un establecemento concreto.

8. Criterio xeral de localización das prazas de carga e descarga:



Venres, 26 de maio de 2023

Núm. 100

a) Non se colocarán xusto antes do paso peonil, no sentido da marcha, debido a que dificulta a visión entre o automóbil que circula e as os peóns que cruzan.

b) Situaranse preto das esquinas, aínda que non nelas, xa que ademais de dificultar a visibilidade, supoñería afastar os pasos peonís do itinerario natural e máis directo dos viandantes.

As prazas de carga e descarga localizadas preto de cruzamentos de rúas e pasos peonís, deberán respectar os seguintes criterios:

- Situaranse pasado o cruzamento no sentido da marcha, unha vez superado o paso peonil e deixando un mínimo de 3 metros.

- Non se situarán antes do cruzamento nin do paso peonil no sentido da marcha. En caso contrario, deberán deixarse libres e prohibirse o estacionamento e a detención 10 metros lineais antes do paso peonil no sentido da marcha.

9. O límite superior da masa máxima autorizada (MMA) dos vehículos para a carga e descarga será de:

a. 3.500 kg en zonas sensibles (zonas vellas, zonas peonís, zonas con restrición da circulación motorizada...) e noutras zonas que estableza a autoridade municipal.

b. 12.500 kg no resto de zonas.

c. Poderán ser especificamente autorizados límites superiores pola autoridade municipal.

CAPÍTULO V. Seguridade viaria

Artigo 18. Seguridade e percepción da seguridade

Deberase conducir calquera tipo de vehículo e, en especial, os motorizados, coa dilixencia e a precaución necesarias para evitarlles perigos, molestias, temores e incomodidades ás e aos peóns, así como ás e aos ciclistas e persoas que conduzan vehículos mecanizados de mobilidade persoal.

Artigo 19. Velocidades máximas

1. O límite xenérico máximo de velocidade ao que poderán circular os vehículos tanto nas vías urbanas coma nas restantes de titularidade municipal será de:

a) Zonas de preferencia e prioridade peonil

- Rúas en zona urbana ou de núcleo rural con plataforma única: 10 km/h.

- Pistas ou camiños en zona rural con plataforma única: 30 km/h, con recomendación de 20 km/h.

b) Rúas en zona urbana ou de núcleo rural con espazos segregados para peoas e peóns:



Venres, 26 de maio de 2023

Núm. 100

- Espazo segregado ao mesmo nivel: 20 km/h, con recomendación de 10 km/h.
- Espazo segregado a distinto nivel: 30 km/h, salvo que por sinalización se estableza unha velocidade menor.

c) Pistas ou camiños en zona rural con espazo segregado: 50 km/h, con recomendación de 30 km/h.

No espazo segregado para peoas e peóns permitírase a circulación de bicicletas e VMP sempre que non superen a velocidade de 10 km/h.

2. As velocidades xenéricas establecidas poderán ser rebaixadas, previa sinalización específica, pola autoridade municipal.

3. Nos supostos non contemplados neste artigo seguirase o disposto pola normativa xeral.

Artigo 20. Limitación de velocidade de circulación nas zonas de preferencia peonil e ante a presenza de peoas e peóns.

1. Ante a presenza de persoas de pé ou camiñando nunha zona de preferencia peonil, calquera tipo de vehículo, incluídos os asimilados á condición de peoas ou peóns, terá que reducir a súa velocidade á destes e, en calquera caso, non circular a velocidade superior a 6 km/h. Enténdese por presenza de peoas e peóns a súa presenza física, cando estea a menos de 2 metros da traxectoria recta do vehículo ou ben cando se circule a menos de 2 metros dos portais e dos accesos a edificacións ou nos cruzamentos ou curvas pechadas polos que poidan aparecer peoas e peóns que non puideron divisar o vehículo coa antelación suficiente e, tamén, cando se atravesese unha beirarrúa para a entrada ou saída dun garaxe. No caso de que debido á estreiteira da zona peonil ou á afluencia de peóns non se puidesen cumprir as condicións anteriores, poderá prohibirse a circulación de todo tipo de vehículos, excepto os de servizo público, os autorizados para acceder a garaxes e os asimilados á condición de peoas ou peóns, que, en todo caso, deberán circular a velocidades semellantes a aquela á que circulen as e os viandantes e nunca superiores a 6 km/h.

2. Nas pistas rurais nas que non existan beirarrúas, beiravías ou espazos reservados para as e os peóns de polo menos 1,5 metros de ancho mínimo e ante a presenza destes, os vehículos terán que reducir a súa velocidade máxima a 10 km/h, coa prohibición de aproximar os vehículos a distancias inferiores a 1,5 metros das e dos peóns, dos portais e dos accesos a leiras e parcelas.

Artigo 21. Dispositivos de calmando do tráfico verticais: redutores de velocidade

Os redutores de velocidade e, en xeral, os dispositivos de calmando do tráfico que se instalen no termo municipal serán dos tipos e das características fixadas na Instrución de deseño dos dispositivos de precaución para as vías provinciais, Deputación de Pontevedra, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 102, de 29 maio de 2018, ou na instrución ou na norma que a puidese substituír nun futuro.



Artigo 22. Ancho dos carrís de circulación.

A redución do ancho dos carrís contribúe fortemente a reducir a velocidade de circulación dos vehículos motorizados, o que incrementa, deste xeito, a seguridade viaria.

En ámbitos urbanos e en contornas edificadas e urbanizadas o ancho dos carrís non superará os 3 metros, sempre que sexa posible..

Sen prexuízo do que poida establecer a normativa de rango superior para zonas de novos desenvolvementos, poderá reducirse o ancho de carril nas vías con espazos segregados para conseguir diminuír a velocidade dos vehículos motorizados, aumentar a seguridade viaria e posibilitar o uso seguro por parte das e dos peóns.

Artigo 23. Sinalización.

1. Os sinais de circulación situados nos accesos ao municipio, aos núcleos urbanos ou aos edificios e acompañados da lenda “CONCELLO DO ROSAL “, rexerán en todas as vías, salvo indicación contraria. Os sinais de circulación situados nas entradas de zonas ou áreas con limitacións específicas á circulación ou ao estacionamento e acompañadas dunha lenda ou pictograma relativos a estas, rexerán en toda a zona ou área en cuestión.

2. Con carácter xeral e sen prexuízo do establecido nos artigos anteriores en canto límites inferiores de velocidade, o límite máximo de velocidade autorizado para os vehículos de calquera categoría será de 30 km/h en rúas urbanas ou de núcleos de poboación, e non requirirá outra sinalización, como se indica no apartado anterior, que a existente nos accesos ao municipio, á cidade ou ao núcleo.

3. Non se poderán colocar sinais de circulación sen autorización municipal previa.

4. Non se permitirá situar publicidade nos sinais de circulación ou xunto a eles.

5. Prohíbense colocar marquesiñas, carteis, anuncios e instalacións que impidan ou limiten as persoas usuarias a normal visibilidade dos semáforos, sinais, persoas e vehículos circulando, ou que poidan distraer a súa atención, así como aqueles que impidan ou limiten a accesibilidade.

CAPÍTULO VI. Réxime de infraccións e sancións.**Artigo 24. Infraccións e sancións.**

1. As accións e omisións contrarias á normativa xeral de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria serán sancionadas pola Alcaldía ou pola concelleira ou concelleiro de Goberno delegado como infraccións administrativas leves, graves ou moi graves, nos termos e polo procedemento contemplado na normativa xeral e sen prexuízo daquelas que poidan ser constitutivas de delitos tipificados nas leis penais.



2. En desenvolvemento da referida normativa xeral de tráfico, e ao abeiro do disposto na vixente normativa de réxime local, establécense, para a idónea ordenación das relacións de convivencia de interese local e do uso dos espazos públicos polas persoas viandantes e vehículos, os tipos de infraccións e sancións que se impoñen polo incumprimento de deber, de prohibicións ou de limitacións contidos nesta ordenanza e dos principios e prioridades que se pautan nela.

Artigo 25. Circulación, parada ou estacionamento en espazos non aptos para a circulación, en zonas de preferencia peonil ou en zonas restrinxidas a servizos ou autorizados.

1. Parar ou estacionar un vehículo de motor ou mecanizado en espazos públicos non aptos para a circulación, como parques, xardíns, paseos, espazos libres ou semellantes, será constitutivo dunha infracción grave sancionada cunha multa de 200 euros, que se poderá incrementar ata 260 euros de conformidade co disposto na normativa xeral de tráfico, previa ponderación do perigo potencial creado para peoas e peóns e demais persoas usuarias da vía pública.

2. A mesma sanción por infracción grave será imposta a quen parase ou estacionase, mesmo de maneira parcial, nas beirarrúas, nas zonas e espazos de coexistencia e uso plural ou nas zonas de preferencia peonil e demais zonas prohibidas nesta ordenanza ou na normativa xeral; sanción que se poderá incrementar ata 260 euros, de conformidade co disposto na normativa xeral, previa ponderación das circunstancias concorrentes e, particularmente, do perigo potencial creado para as e os peóns e demais persoas usuarias da vía pública, ademais de levar aparelhada a inmovilización ou retirada do vehículo.

3. Circular ou estacionar en zonas reservadas a servizos ou autorizados sen autorización ou excedendo o tempo máximo permitido para estacionar será sancionado por infracción grave cunha multa de 200 euros.

4. A circulación de bicicletas, ciclos e VMP ou recreativos polas beirarrúas e espazos non autorizados segundo o disposto nesta ordenanza, sancionarase cunha multa por infracción grave de 200 euros.

Artigo 26. Infraccións en materia de sinalización e de limitación temporal ou espacial do estacionamento.

1. Instalar, retirar, trasladar, ocultar ou modificar a sinalización dunha vía sen permiso do titular desta ou, no seu caso, da autoridade encargada de regular, ordenar e xestionar o tráfico ou da responsable das instalacións, salvo causa xustificada, con perigo para a circulación rodada, sancionarase como infracción moi grave, cunha multa de 3.000 a 20.000 euros.

2. As infraccións ao indicado no apartado anterior que determinen un incumprimento da normativa de accesibilidade, por obstaculizar ou poñer en perigo a accesibilidade de persoas con mobilidade reducida, así como a colocación de obstáculos en beirarrúas, prohibida polo artigo 6.5 desta ordenanza, sancionaranse de conformidade co determinado na normativa vixente en materia de accesibilidade.



3. As infraccións á limitación temporal ou espacial do estacionamento sancionaranse como infracción grave, cunha multa de 200 euros.

Artigo 27. Infraccións sobre exceso de velocidade e condutas prohibidas en zonas de preferencia peonil.

1. A circulación nas zonas de preferencia peonil ou de coexistencia e uso plural sen respectar a velocidade máxima de 10 km/h ou o límite de velocidade de 6 km/h nos supostos de presenza ou encontro coas e cos peóns previstos nesta ordenanza, sancionaranse como infracción grave ou moi grave, coas multas e as retiradas de puntos previstas no anexo IV do TRLTSV, para as infraccións de velocidades limitadas a 20 km/h, segundo os intervalos que se definen nel.

2. Sancionaranse, como infracción leve, as infraccións de velocidade ás que se refire o punto anterior nos intervalos de 6 a 20 km/h ou de 10 a 20 km/h, respectivamente, agás que, por infrinxir a distancia de seguridade con respecto á peoa ou peón ou, en xeral, as prohibicións pautadas no artigo 6.2 e 6.3 desta ordenanza, os feitos poidan ser constitutivos de condución negligente ou temeraria tipificada como infracción grave ou moi grave na normativa xeral, de conformidade co determinado no punto seguinte.

3. As condutas constitutivas de infraccións dos principios de adaptación da condución motorizada ou mecanizada á preferencia peonil, de respecto polas peoas e peóns ou que infrinxan as determinacións relativas á xerarquía entre a mobilidade mecanizada e a motorizada descritas nos artigos 6.2, 6.3 e 8.2, respectivamente, desta ordenanza, consideraranse infracción grave, e sancionaranse cunha multa de 200 euros, ou moi grave, cunha multa de 500 euros, segundo a súa cualificación no correspondente procedemento sancionador como condución negligente ou condución temeraria.

4. As infraccións ao principio de non contaminación acústica que se describen no artigo 6.6 desta ordenanza sancionaranse de conformidade á normativa vixente en materia de protección do medio contra a contaminación acústica.

5. A participación ou organización de competicións e carreiras de vehículos non autorizadas sancionaranse como infracción moi grave, cunha multa de 500 euros.

Artigo 28. Restantes infraccións sobre exceso de velocidade.

As restantes infraccións das normas sobre límites de velocidade establecidas no artigo 18 terán a consideración de graves, conforme ao previsto no artigo 76.a) do TRLTSV, salvo que teñan a consideración de moi graves, de conformidade co disposto no artigo 77.a) desta lei, e sancionaranse como infracción grave ou moi grave coas multas e retiradas de puntos previstas no anexo IV desta mesma lei.



Artigo 29. Inmovilización e retirada de vehículos.

1. Ademais de nos supostos previstos na normativa xeral, poderán inmovilizarse os transportes especiais que circulen sen autorización polas vías municipais e aqueles vehículos conducidos por persoas que non acrediten a súa residencia legal en territorio español e que, tras cometer unha presunta infracción da normativa xeral de tráfico, non depositen o importe da sanción fixada provisionalmente pola ou polo axente denunciante da Policía local, sen prexuízo das reducións do importe das sancións previstas na normativa xeral.

2. Transcorridas 48 horas desde a inmovilización dun vehículo sen que se corrixa as causas ou emenden as deficiencias que a motivaron, o vehículo poderá ser retirado ao depósito municipal.

3. A inmovilización realizada con medios mecánicos para garantir a súa efectividade, así como a retirada e, no seu caso, estancia, devindicarán a taxa correspondente, de conformidade coa correspondente ordenanza fiscal.

4. Ademais de nos supostos relacionados con infraccións administrativas en materia de tráfico previstos na normativa xeral e do sinalado no punto 2 deste artigo, poderán retirarse do espazo público os vehículos que superen por triplicado o tempo autorizado nas prazas de aparcamento reservadas a servizos e, con carácter xeral, ás 24 horas desde que fose denunciado por parar ou estacionar nun lugar prohibido.

5. Tamén se retirarán, sen que devindique ningunha taxa, os vehículos legalmente estacionados naquelas vías ou itinerarios que vaian utilizarse para eventos de tipo cultural, festivo, deportivo, relixioso, para o exercicio de dereito de manifestación, de limpeza viaria ou semellante, así como os que o fagan nos espazos autorizados polo Concello como reservas de vía pública para obras, cambios e reparacións, incluídas as urxentes no espazo público, en supostos de sinistros, derrubamentos e ruínas ou por necesidade de desenvolvemento de traballos por parte dos servizos de emerxencia.

6. A retirada prevista no punto anterior estará suxeita ao seguinte procedemento:

a) Sinalización, ben pola autoridade municipal ou polas persoas promotoras autorizadas, cunha antelación de polo menos 48 horas. En supostos excepcionais poderase reducir a 12 horas ou de forma inmediata en caso de emerxencias ou situacións de perigo inminente para persoas ou elementos. Agás neste último caso, a sinalización conterá unha lenda anexa coa data e mais a hora na que se prohibe o estacionamento, así como a finalidade da reserva de vía ou o motivo da prohibición nun lugar facilmente visible.

b) Verificación, no seu caso, da correcta sinalización por parte da Policía local, que levantará acta da constancia dos vehículos estacionados antes da sinalización.

c) Na data e na hora da prohibición retiraranse ou trasladaranse os vehículos en función das seguintes circunstancias:



Venres, 26 de maio de 2023

Núm. 100

- Os vehículos que estivesen estacionados antes de realizar a sinalización, de non ser retirados polas ou polos seus responsables, trasladaranse aos lugares próximos dispoñibles e notificaráselles ás persoas propietarias, se é posible, do traslado e do lugar.

- As e os persoas responsables dos vehículos que estacionasen con posterioridade á sinalización e desobedecesen as prescricións desta serán denunciados e os seus vehículos retirados polo guindastre, devindando a taxa do servizo de conformidade coa ordenanza fiscal de aplicación.

Disposición adicional. Reenvío a outra normativa.

As referencias que se realizan nesta ordenanza a leis e a normas específicas estendéranse ás que se promulguen con posterioridade e substitúan as citadas.

Disposición final. Entrada en vigor.

Esta Ordenanza, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno do Concelo do Rosal, entrará en vigor transcorrido o prazo de quince días desde a publicación do seu texto íntegro no BOPPO e unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da LBRL.

ANEXO I

1.—SOLICITUDE PARA O ACCESO SINGULAR Á ÁREA DE PREFERENCIA PEONIL

Para solicitar o acceso singular a algunha das áreas de preferencia peonil nas que está prohibida a circulación, deberase presentar por sede electrónica ou no rexistro do Concello do Rosal o formulario SOL-APP debidamente cuberto e coa documentación requirida.

1.1.—ACCESO PASO E ESTACIONAMENTO “GARAXES”

Requisitos imprescindibles:

- Que o/a solicitante sexa propietario/a ou arrendatario/a do garaxe dentro da área de preferencia peonil.

Documentación que debe chegar:

- Copia auténtica do permiso de circulación do vehículo.
- Copia auténtica do documento de identidade do/a solicitante e do NIF/CIF/NIE da empresa no seu caso.
- Copia auténtica do título de propiedade, nota simple ou contrato de aluguer.

1.2.—ACCESO PASO E PARADA “CARGA E DESCARGA”

Requisitos imprescindibles:

- Que o/a solicitante sexa propietario/a ou arrendatario/a dunha vivenda ou local comercial dentro da área de preferencia peonil, ou que exerza unha actividade de



Venres, 26 de maio de 2023

Núm. 100

transporte ou reparto de mercadorías. O tempo máximo de estacionamento permitido para carga e descarga é de 30 minutos.

Documentación que debe achegar:

- Copia auténtica do permiso de circulación do vehículo.
- Copia auténtica do documento de identidade do/a solicitante e do NIF/CIF/NIE da empresa no seu caso.
- Copia auténtica do título de propiedade, nota simple ou contrato de aluguer (no caso de vivenda ou local comercial).
- Copia auténtica documento acreditativo actividade, certificado alta IAE, ou licenza actividade. (no caso de actividade de transporte ou reparto de mercancías).

1.3.—ACCESO A SERVICIOS

Requisitos imprescindibles:

Que o/a solicitante exerza unha actividade de mantemento de espazos públicos ou privados, coidados de persoas dependentes ou outros servizos. O tempo de estancia na área peonil será o imprescindible para desenvolver o servizo.

Documentación que debe achegar:

- Copia auténtica do permiso de circulación do vehículo.
- Copia auténtica do documento de identidade do/a solicitante e do NIF/CIF/NIE da empresa no seu caso.
- Licenza de actividade do/a solicitante indicando o motivo polo cal solicita o acceso a área de preferencia peonil.
- No caso de coidado de persoas dependentes declaración xurada acompañada da documentación acreditativa de que a persoa que reside na área de preferencia peonil precisa axuda de terceiras persoas (informe médico, servizos sociais, etc.).

1.4.—ACCESO DE VEHÍCULOS MUNICIPALES E EMERXENCIAS

Os vehículos de titularidade municipal e emerxencias (FF.CC.SS., ambulancias, bombeiros, etc.) serán autorizados para acceso a área de preferencia peonil sen necesidade de presentación de documentación previa.

2.—COMUNICACIÓN DE ACCESO PUNTUAL Á ÁREA DE PREFERENCIA PEONIL

Permitirase puntualmente o acceso de vehículos que non foran autorizados segundo o punto anterior ás áreas de preferencia peonil.

Para comunicar o acceso puntual a algunha das áreas de preferencia peonil deberase presentar no Concello do Rosal o formulario COM-APP debidamente cuberto.



Venres, 26 de maio de 2023

Núm. 100

Esta comunicación unicamente poderá ser tramitada por residentes, comerciantes ou responsables de servizos, xa autorizados previamente, os cales deberán dirixir con carácter previo unha solicitude de inclusión no rexistro correspondente do Concello do Rosal; dita inclusión terá validez indefinida e en todo caso ata que se modifiquen as circunstancias que permitan á cidadá ou cidadán presentar comunicacións ou estableza motivadamente o Concello do Rosal que non ten dereito a elo.

O trámite poderá ser realizado ata un máximo de 5 días hábiles despois de producirse o acceso do vehículo.

A ALCALDESA,

Asdo. Ánxela Fernández Callís

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: C1386OLW5I9YCY7



Venres, 26 de maio de 2023

Núm. 100



SOL-APP

SOLICITUDE DE ACCESO A ÁREA DE
PREFERENCIA PEONIL

SELO REXISTRO

OS CAMPOS MARCADOS CUN * SON DE OBRIGADO CUMPRIMENTO. CUBRIR CON LETRAS MAIÚSCULAS

1. DATOS DO SOLICITANTE OU REPRESENTANTE			
Nome e apelidos*			DNI/NIF/NIE*
Representante			DNI/NIF/NIE
Dirección notificación*			
Localidade*	C.P.*	E-mail	Teléfono*
2. ÁREA DE PREFERENCIA PEONIL			
☐ PRAZA DO CALVARIO (O ROSAL)			
3. TIPO DE AUTORIZACIÓN			
☐ ACCESO PASO E ESTACIONAMENTO		Dirección*	
"GARAXES"			
☐ ACCESO PASO E PARADA		Dirección*	
"CARGA E DESCARGA"			
☐ ACCESO A SERVIZOS		Observacións	
TRABALLOS DE MANTEMENTO			
☐ PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA		Observacións	
4. DATOS DOS VEHÍCULOS			
Marca*	Modelo*	Cor*	Matrícula*
Marca	Modelo	Cor	Matrícula
Marca	Modelo	Cor	Matrícula
Marca	Modelo	Cor	Matrícula
Marca	Modelo	Cor	Matrícula

Os vehículos autorizados poderán acceder a área de preferencia peonil solicitada para realizar unha actividade con orixe ou destino dentro da mesma: estacionamento en garaxe, carga e descarga ou servizos. En ningún caso esta autorización permitirá atravesar estas zonas sen realizar a parada oportuna ou sen que esta sexa xustificada. Neste caso o vehículo poderá ser sancionado.

Conforme ao disposto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de maneira confidencial e poden ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello do Rosal. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición coa comunicación por escrito ao Rexistro do Concello do Rosal.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: C1386OLW5I9YCY7



Venres, 26 de maio de 2023

Núm. 100

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA XUNTO COA SOLICITUDE
(riscar cun "x" os documentos que se achegan)**ACCESO PASO E ESTACIONAMENTO "GARAXES":****Requisitos imprescindibles:**

Que o/a solicitante sexa propietario/a ou arrendatario/a do garaxe dentro da área de preferencia peonil

Documentación que debe achegar:

- ☐ Copia auténtica do permiso de circulación do vehículo.
- ☐ Copia auténtica do documento de identidade do/a solicitante e do NIF/CIF/NIE da empresa no seu caso.
- ☐ Copia auténtica do título de propiedade, nota simple ou contrato de aluguer.

ACCESO PASO E PARADA "CARGA E DESCARGA":**Requisitos imprescindibles:**

Que o/a solicitante sexa propietario/a ou arrendatario/a dunha vivenda ou local comercial dentro da área de preferencia peonil ou que exerza unha actividade de transporte ou reparto de mercadorías. O tempo máximo de estacionamento permitido para carga e descarga é de 30 minutos.

Documentación que debe achegar:

- ☐ Copia auténtica do permiso de circulación do vehículo.
- ☐ Copia auténtica do documento de identidade do/a solicitante e do NIF/CIF/NIE da empresa no seu caso.
- ☐ Copia auténtica do título de propiedade, nota simple ou contrato de aluguer (no caso de vivenda ou local comercial).
- ☐ Copia auténtica documento acreditativo actividade, certificado alta IAE, ou licenza actividade. (no caso de actividade de transporte ou reparto de mercancías).
- ☐ Copia auténtica documento acreditativo do grao de discapacidade ou copia auténtica da tarxeta de estacionamento para persoas con mobilidade reducida (que acrediten a existencia de dificultade de mobilidade para uso de transporte público colectivo).

ACCESO A SERVIZOS:**Requisitos imprescindibles:**

Que o/a solicitante exerza unha actividade de mantemento de espazos públicos ou privados, coidados de persoas dependentes ou outros servizos. O tempo de estancia na área peonil será o imprescindible para desenvolver o servizo.

Documentación que debe achegar:

- ☐ Copia auténtica do permiso de circulación do vehículo.
- ☐ Copia auténtica do documento de identidade do/a solicitante e do NIF/CIF/NIE da empresa no seu caso.
- ☐ Licenza de actividade do/a solicitante indicando o motivo polo cal solicita o acceso a área de preferencia peonil.
- ☐ No caso de coidado e persoas dependentes declaración xurada acompañada da documentación acreditativa de que a persoa que reside na área de preferencia peonil precisa axuda de terceiras persoas (informe médico, servizos sociais, etc.).

DECLARO BAIXO A MIÑA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE que é certo o que manifesto e, en todo caso:

- Que son certos todos os datos recollidos neste impreso.
- Que se achega **TODA** a documentación preceptiva que se indica.

E AUTORIZO aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas á licenza solicitada.

O Rosal, _____.

Sinatura do solicitante: Nome e DNI

Sinatura electrónica (no seu caso)

EN CASO DE PRESENTACIÓN TELEMÁTICA ESTE MODELO DEBERÁ ESTAR OBRIGATORIAMENTE ASINADO ELECTRONICAMENTE
(Art. 11.2 Da Lei 39/2015 Do Procedemento Administrativo Común Das Administracións Públicas)Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: C1386OLW519YCY7

Venres, 26 de maio de 2023

Núm. 100

1. COMUNICACIÓN DE ACCESO PUNTUAL Á ÁREA DE PREFERENCIA PEONIL

Permitirase puntualmente o acceso de vehículos que non foran autorizados segundo o punto anterior ás áreas de preferencia peonil.

Para comunicar o acceso puntual a algunha das áreas de preferencia peonil deberase presentar no Concello do Rosal o formulario **COM-APP** debidamente cuberto.

Esta comunicación unicamente poderá ser tramitada por residentes, comerciantes ou responsables de servizos, **xa autorizados previamente**, os cales deberán dirixir con carácter previo unha solicitude de inclusión no rexistro correspondente do Concello do Rosal; dita inclusión terá validez indefinida e en todo caso ata que se modifiquen as circunstancias que permitan á cidadá ou cidadán presentar comunicacións ou estableza motivadamente o Concello do Rosal que non ten dereito a elo.

O trámite poderá ser realizado ata un máximo de 5 días hábiles despois de producirse o acceso do vehículo.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: C1386OLW519YCY7



Venres, 26 de maio de 2023

Núm. 100



COM-APP COMUNICACIÓN DE ACCESO PUNTUAL A ÁREA DE PREFERENCIA PEONIL	SELO REXISTRO
--	---------------

OS CAMPOS MARCADOS CUN * SON DE OBRIGADO CUMPRIMENTO. CUBRIR CON LETRAS MAIÚSCULAS

Esta comunicación de acceso puntual a área de preferencia peonil unicamente poderá ser tramitada por residentes, comerciantes ou responsables de servizos xa autorizados previamente.

1. DATOS DO SOLICITANTE OU REPRESENTANTE			
Nome e apelidos*		DNI/NIF/NIE*	
Representante		DNI/NIF/NIE	
Dirección notificación*			
Localidade*	C.P.*	E-mail*	Teléfono*
2. ÁREA DE PREFERENCIA PEONIL			
☐ PRAZA DO CALVARIO (O ROSAL)			
3. MOTIVO DO ACCESO			
☐ ACCESO PASO E ESTACIONAMENTO "GARAXES"			
☐ ACCESO PASO E PARADA "CARGA E DESCARGA"			
☐ ACCESO A SERVIZOS			
4. DATOS DO VEHÍCULO			
Marca*	Modelo*	Cor*	Matrícula*
5. DÍA DO ACCESO			
Data*			

Os vehículos autorizados poderán acceder a área de preferencia peonil solicitada para realizar unha actividade con orixe ou destino dentro da mesma: estacionamento en garaxe, carga e descarga, servizos, etc. En ningún caso esta autorización permitirá atravesar estas zonas sen realizar a parada oportuna ou sen que esta sexa xustificada. Neste caso o vehículo poderá ser sancionado.

DECLARO BAIXO A MIÑA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE que é certo o que manifesto e, en todo caso:

- Que son certos todos os datos recollidos neste impreso.
- Que se achega **TODA** a documentación preceptiva que se indica.

E AUTORIZO aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas á licenza solicitada.

O Rosal, a _____.

Sinatura do solicitante: Nome e DNI	Sinatura electrónica (no seu caso)
-------------------------------------	------------------------------------

EN CASO DE PRESENTACIÓN TELEMÁTICA ESTE MODELO DEBERÁ ESTAR OBRIGATORIAMENTE ASINADO ELECTRONICAMENTE
(Art. 11.2 Da Lei 39/2015 Do Procedemento Administrativo Común Das Administracións Públicas)

A ALCALDESA,
Asdo. Ánxela Fernández Callís

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
 Código seguro de verificación: C1386OLW519YCY7

